

¡Que verde era o meu val!
(A propósito dunha novela de Víctor Freixanes)

Hai veces que o azar reúne para nós, nun pequeno treito de tempo, vivencias de orixe varia, positivas ou negativas, que semellan traídas por algunha man demiúrxica para que as relacionemos e asociemos co fin de transformar a nosa visión do mundo e da Historia ou de imprimir novos rumbos á nosa propia vida.

Ese fenómeno podémolo experimentar en calquera momento, pero cando ademais coincide algunha circunstancia que conmociona toda unha sociedade ou concentra o pensamento psico-social nela, como pode ser a inminente convocatoria ás urnas electorais destes días, entón, non é difícil que esas asociacións e relacións adopten o perfil de metáforas ou símbolos desa circunstancia.

A pasada fin de semana dei remate á última novela de Víctor Freixanes, *A cidade dos Césares*, un longo e meritorio texto no que se trata de reconstruír parte da epopea que algúns galegos esquecidos ou anónimos levaran a cabo durante as duras expedicións da conquista na Arxentina austral por parte da coroa española. O riquísimo balbordo léxico e a voz épico-lírica, grande, de Freixanes, cousas ambas as dúas coas que xa estabamos familiarizados pola lectura de *O triángulo inscrito na circunferencia*, serven para reconstruír agora os escenarios da penuria e a desventura, do odio, da traizón, da nobreza e da miseria, das esperanzas e das frustracións, da morte, en fin, a que foron levados moitos homes e mulleres galegos, xa fose por un afán atlántico de traspasar os horizontes, xa pola necesidade de procurar noutras latitudes unha saída á desesperación e á indixencia que o solar patrio lles ofrecía alá polos séculos XVIII e XIX.

Pola súa parte, a televisión ofreceunos a película de John Ford, baseada na novela do mesmo título de Richard Llewellyn, *How green was my valley!* (1941), onde se denuncian, coa visión matizada lírico-romántica, que tan ben sabía dosificar o gran cineasta americano, as penosas condicións de traballo e conseguinte necesidade de emigración a que se veu sometido o pobo galés, concretamente os traballadores das minas de carbón durante o período do nacente sindicalismo británico.

Por máis que, en condicións normais, a relación entre o texto de Freixanes e o filme de Ford sería moi feble e delgada, agora, nesta semana en que Galicia pode xogarse a entrada no século XXI, antóllaseme que gardan as dúas obras de arte algún fío entenzado, unha mensaxe común que non sabería eu levar máis alá do que se pode desprender das preciosas palabras do título de Llewellyn, *¡Que verde era o meu val!*, e das palabras saudosas con que, dende as ermas terras da Patagonia, lembra

Galicia a sombra-narradora de Basilio Vilariño, na novela de Víctor Freixanes:

Entrar así, coma unha dorna de vela que apura a virazón, o ventíño da tarde, gasalleiro e terral nesta parte do mundo, buscando as marcas da ría, a punta do Xestal, a sombra do Tremuso, meu amigo, meu querido amigo, as portas do Paraíso, que tal é o corazón da memoria...

A miña torpeza só acerta a ver na superficie, pero quizais o meu lector e cada un dos lectores de Freixanes e de Ford-Llewellyn saiban atopar algunha outra relación máis profunda e intelixente.

2-xuño-1993